

Comentarios publicados no [blog da Biblioteca](#) do ies Sánchez Cantón no curso 07-08

1. Este libro gustoume moitísimo. A época na que se narra, os personaxes, todos moi aventureiros, e a muller que vai no barco facéndose pasar por home, é dicir, Emilia Goianes, unha nena que está en contra de que as mulleres nese século non poidan ir nunha expedición científica. Tamén me fascinou todo o que se pode aprender co libro, xa que trata moitas cousas da ciencia. E para rematar o meu comentario dicir que opino que este libro está moi ben escrito, e cheo de aventuras polo que llo recomendo á xente que queira ler algo interesante. Saúdos. **(Verónica)**

2. Este libro gustoume moito, posto que me ensinou que as mulleres poden facer o mesmo ca os homes e ás veces mellor. Tamén me ensinou que podes cumprir o teu soño. **(Ramón)**

3. A novela narra, en primeira persoa, as aventuras de oito científicos embarcados nunha expedición polo Pacífico entre os que se atopa a protagonista da mesma, Emilia Goianes, unha rapaza que, escondida entre a equipaxe do seu irmán, embarca como polisón no barco expedicionario. Facéndose pasar por un rapaz e exhibindo os seus amplos coñecementos de entomoloxía, converterase axiña nun científico máis entre os homes do equipo. O planeamento da novela gustoume moito porque combina dun xeito realista o relato das aventuras dos viaxeiros con referencias históricas y científicas que a min particularmente interésanme moito. Ao mesmo tempo o relato planéase case como un diario cando dá conta das vivencias íntimas de Emilia, quen inicia a viaxe con doce anos e regresa con quince. Durante os tres anos que dura a expedición Emilia coñecerá novos lugares e formas de vida, novas persoas, novos sentimentos... todo este cúmulo de experiencias e coñecementos axudarán a que regrese da viaxe convertida nunha persoa diferente. **(Alfonso)**

4. A expedición ó Pacífico ten como protagonista a Emilia Goianes, unha nena de doce anos, que aproveita que seu irmán embarca nunha expedición a América do sur e central, e que posúe bos coñecementos sobre entomoloxía para integrarse no grupo de científicos, aínda que para iso ten que embarcar como polisón e facerse pasar por un rapaz, chamado Marcos. No libro mestúranse as ideas de Emilia sobre a educación das nenas nesa época coas vivencias e as penurias que pasan os compoñentes da expedición, que poñen por diante a ciencia fronte á comodidade ou a seguridade persoal. O que máis me gustou foi como se describen as diferentes expedicións en terra. O que máis graza me fixo foi a idea de Aurelio Buiza, que curaba case todas as enfermidades con auga de limón. Custoume ler con fluidez algunhas frases porque determinadas palabras utilizadas aquí non as coñecía. **(María)**

5. Este libro gustoume moito porque narra unha expedición de aventuras extraordinarios dunha muller entre unha multitude de homes. O que máis me gustou foi cando se perderon dentro dun cráter de volcán e estiveron días e días perdidos. O que menos me gustou foi cando morreu ... todos estiveron tristes. O libro está ben pero faise un pouco longo no medio, pero o final ao vale a pena lelo. Eu recomendaríallo aos nenos do ano que vén porque é divertido. En xeral o libro gustoume moito. **(Diego)**